



NOTIFICACIÓN

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
2656/2018	Xunta de Goberno Local (JGL/2020/6)

Mediante este documento notifícaselle que na sesión desenvolvida o día 20 de agosto de 2020 se adoptou o seguinte acordo:

A.2.6.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas Públicas relativa á licenza municipal de obra para construción de vivenda unifamiliar illada nunha parcela sita no Lugar de Meiro, Bueu.

Pola presidencia dáse conta da proposta do concelleiro delegado de urbanismo, vivenda e infraestruturas públicas de data 18.08.20, que de xeito literal di:

“EXPEDIENTE 2656/2018

Solicitante: Rafael Guimeráns Graña

Atopándose o expediente completo cos preceptivos informes técnico e xurídico, elévese para a súa deliberación á Xunta de Goberno Local coa seguinte proposta de acordo.

PROPOSTA DE ACORDO:

Outorgar a D. Rafael Guimeráns Graña licenza municipal de obra para construción de vivenda unifamiliar illada nunha parcela sita no Lugar de Meiro, Bueu (Pontevedra) con Referencia Catastral: 36004A024001490000QO, segundo a documentación técnica asinada polo arquitecto don Aarón Vilas Otero(2019-E-RE- 761 do 17.04.2019, 2019-E-RE-1775 do 5.11.2019 e 2020-E-RE-568 de 25.03.2020), informada favorablemente polo arquitecto municipal con data 14.05.2020, e Escritura Pública de Segregación e cesión urbanística outorgada ante a Notario do Ilustre Colexio de Galicia, dona María del Carmen Piñeiro Pena, o 8.11.2019 (2020-E.-RE-836 do 12.05.2020); nos termos do informe do técnico municipal.”

VOTACIÓN E ACORDO:

Logo do anterior, e considerando as atribucións en materia de urbanismo delegadas na Xunta de Goberno Local mediante





Concello de Bueu

resolución de alcaldía núm. 2019-0925 de 28.06.2019 (BOP núm. 130 de 09.07.2019), a Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros asistentes con dereito a voto, ACORDA aprobar a referida proposta nos mesmos termos transcritos anteriormente.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)



Cod. Validación: 3MZ55ADQYK9F5RYM59RTRCNZM | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2